

Dirección: MONTSE ARZA/ OLGA CABALAR



8 - SETEMBRO



CAMIÑO DE SANTIAGO
PROXECTO DE CENTRO
2022-23

Lecturamos

LECTURAMOS
O BLOGUE DA
BIBLIOTECA E EDL

MARE MAGNUM

O Camiño de Santiago

Hai moito tempo, no ano 813, un ermitán chamado Pelayo viu durante varias noites unha choiva de estrelas sobre un montículo dun bosque próximo. Dirixiuse ao bispo Teodomiro para comunicarlle os feitos. Cando escavaron, atoparon a tumba do apóstolo Santiago. Nese mesmo lugar construíuse unha capela, despois unha igrexa e por último unha catedral. Todo iso foi o xerme dunha cidade, Santiago de Compostela, cuxo nome significa xustamente "campo de estrelas", e dun roteiro de peregrinación, o Camiño de Santiago, dunha gran importancia na Idade Media e vixente na actualidade. Os peregrinos que peregrinaban desde Europa a Santiago de Compostela usaban a posición da Vía Láctea no ceo como referencia para poder seguir a senda e chegar ao seu destino. Era o particular GPS da época. Hoxe en día, miles de peregrinos percorren o Camiño, a pé, en bicicleta ou mesmo a cabalo. Cando terminan o roteiro de peregrinación, obteñen a Compostela, un documento que certifica que se cumpriron tres criterios requisitos: facer o Camiño con motivos relixiosos ou espirituais, percorrer en calquera dos Roteiros Xacobeos polo menos cen quilómetros se é a pé ou a cabalo e douscentos se é en bicicleta, e acreditar que se percorreu tal distancia, para o que se presenta a credencial do peregrino, unha especie de pasaporte do Camiño de Santiago.

Proxecto de centro 2022-23

Este curso percorrерemos un camiño máxico descubriendo os distintos roteiros, a arte, as lendas, a historia e a cultura dun conxunto de camiños que fixeron de Santiago de Compostela un dos centros de peregrinación máis importantes da Europa occidental.

Desde distintos departamentos, materias e niveis traballaremos os aspectos máis importantes deste camiño declarado Patrimonio da Humanidade pola Unesco en decembro de 1993.



O Camiño de Santiago é un conxunto de roteiros que conducen á Catedral de Santiago de Compostela. Estes percórrense en peregrinación, xeralmente a pé, como forma de render homenaxe ao Apóstolo Santiago, cuxos restos descansan no devandito templo. Na antigüidade, o significado do Camiño de Santiago estaba fortemente asociado ao relixioso, aínda que algúns peregrinos vivirono como forma de castigo ou como roteiro de comercio. Na actualidade, o significado do Camiño de Santiago é moito máis complexo.

**"Herru Sanctiagu
Grot Sanctiagu
E ultreya e suseya
Deus aia nos"**

**"Oh Señor Santiago,
Oh Gran Santiago,
Adiante e arriba
E que Deus nos protexa!"**

**Dum pater familias
(canto de peregrinos do
Códice Calixtino)**

Lección inaugural: Jesús Losada

O responsable do terminal de GNL de Mugardos e do gasoducto de Reganosa, Jesús Losada, impartiu esta mañá a lección inaugural do curso 2022-2023 para o alumnado de bacharelato. Na súa exposición esbozou as liñas de traballo da empresa e as oportunidades de traballo e negocio a nivel mundial no sector enerxético. Entre elas as enerxías renovables como o proxecto en marcha da compañía para a produción de hidróxeno verde.

Para todo iso, salientou a importancia da formación e o estudo para competir no mundo laboral co valor engadido de calquera capacitación, desde a aprendizaxe de linguas ata experiencias persoais. Sen esquecerse da necesidade de manter responsablemente os valores éticos e compromiso social. Agradecemos a Jesús Losada e máis á empresa que fixo posible a súa presenza no instituto coa que damos por inaugurado un novo curso.




Club de ciencias

No noso IES está a funcionar dende hai anos un *Club de Ciencia*, ás veces ambicioso de máis, sempre con moita ilusión. Este ano temos previstas moitas actividades, similares ao ano pasado e engadindo algunhas que pensamos que poden ser moi interesantes.

Das feitas, podemos falar da observación do ceo nocturno, os campionatos de Cifras e Letras, os concursos de Fotografía Matemática e Fotografía Científica, o concurso de Pi. tuits, obradoiros sobre produción ecolóxica,... Fixemos máis cousas, mais non imos poñer a listaxe de todas porque sería longa. Desgraciadamente, quedaron cousas por facer, que intentaremos por en marcha este curso. E ademais... tensegridades, papiroflexia e cubo de Rubik. E máis, se se pode !!!!

Animádevos, que é superdivertido !!!



Volta ás aulas



Benvida


Dende a biblioteca do IES de Mugardos dámosvos a benvida a un novo curso.

Esperamos que pasádeses un bo e feliz verán e que veñades con ganas de empezar este curso 22-23 cheos de ilusións e novos proxectos.

Durante o mes de setembro na biblioteca estaremos redistribuíndo os espazos e planeando actividades para que vos acheguedes a disfrutar do que vos imos ofrecer.

Bo camiño! Esperámosvos!

Biblioteca do IES de Mugardos



O meu primeiro día en 1º ESO

Ola. Son Naiara unha estudante de 1º da ESO e hoxe vouvos a contar como foi o meu primeiro día. Segundo cheguei xunteime cos meus compañeiros na entrada, parecíamos pitos descabezados debido a que era unha nova etapa e estábamos moi nerviosos. Máis tarde, aos alumnos de 1º e 2º da ESO chamáronnos para decidir a nosa clase e, obviamente darnos unha pequena introdución sobre o centro por ser os novos alumnos. Despois xa cada alumno na súa clase, presentáronnos ao noso titor e profesores, tamén nos presentamos entre os compañeiros de clase. Respecto ao alumnado e profesorado, déronnos unha calorosa benvida, así que, agora si que podo dicir que...O IES de Mugaros mola mazo!.


Naiara Rañales Fernández 1ºB

Saín de casa moi nerviosa. Era un novo comezo, nun lugar novo, con xente nova. Con moita ilusión baixeime do coche e dirixinme á porta. Os meus amigos reuníanse nun recuncho e falaban impacientes. Na voz notábaselles a ilusión do primeiro día, pero tamén as ansias por ver como era este novo sitio que tanto nos impacientaba aos do primeiro curso. Entramos no salón de actos, un lugar amplo onde moita xente observaba o escenario no que se atopaba o mismísimo director. Alí, Serafin, explicounos as normas do centro e o que pode conlevar incumprilas. Neste instante, o momento que máis me preocupaba, o momento no que dividirían aos alumnos na clase A ou B. Eu estaba moi nerviosa, quería coñecer xente nova pero tampouco quería deixar de estar cos meus amigos de toda a vida. Presentáronnos aos titores, Raquel e Fabio, quen nos dividiu en dous grupos. Ao meu tocoume con Fabio, subimos a clase e estivemos a falar con el. A verdade é que ao final coincidín con moitos dos meus amigos, así que non tiña que preocuparme tanto. Máis tarde saímos ao recreo e deime conta de que o instituto é moi diferente ao colexio, pero para ben porque tes moitísimas oportunidades para todo: coñecer xente nova, entreterche, aprender, ... e hai unha chea de actividades superdivertidas. No instituto podes ser o que queiras e agora o que nos toca é ser bos estudantes.

Rebeca Requejo Ageitos, 1º B

É 8 de setembro. Primeiro día no insti. Non sei que era peor, levantarme ás 7:30 ou deixar atrás un sitio que me acollía durante case sete anos. Cando cheguei ao instituto todos os meus compañeiros e compañeiras do curso pasado estaban á beira da porta esperando para entrar. Todos estábamos nerviosos, eu tamén, por suposto. Non sabía como ía ser, non sabía como me acollerían. Nese momento, chamaron a 1º e 2º da ESO e fomos cara ao salón de actos. Allí empezáronnos a contar como sería o noso ano. Ao ir pasando o tempo, eu tiña máis ganas de ver a miña nova clase. Máis tarde dixeron quen ía a A e a B. Xa non estábamos todos: eses compañeiros cos que levaba ata 9 anos. Entón, chegamos á nosa clase 1º B. O noso titor, Fabio, fíxonos sentir que podíamos confiar nel e acolleunos moi ben igual que o resto de profes. Logo no recreo fun á cafetería e comprei un bocadillo bastante bo. Cando saín achegueime onde estábamos todo Primeiro nunha esquina. Estabamos, evidentemente, todos os do curso pasado e xente nova que viña a maioría de Franza. A verdade, non vou mentir, o primeiro día sentíame emocionada e nerviosa ao principio. Logo relaxeime e estaba tranquila. Acolléronnos moi ben. Agora mesmo sinto que levo anos indo ao instituto.

Inés Fernández Fontenla, 1ºB



Arte no Camiño



San Juan de la Peña

Trátase dun mosteiro rupestre que pertence á época do románico e que constitúe o primeiro panteón real de Aragón. Foi construído no século X e a través del pódese facer unha viaxe pola historia, a cultura, a arquitectura e a natureza. A súa particular localización, incrustada nunha inmensa pena, faíno tremendamente especial.

Unha das curiosidades que viran ao redor deste mosteiro é que, durante a Idade Media, o seu gran illamento outorgoulle un carácter de lenda que fixo relacionar esta edificación co Santo Graal, a famosa copa usada por Xesucristo na Última Cea.

San Juan de la Peña foi parada obrigatoria do Camiño de Santiago francés ao seu paso por Aragón. Infinitude de peregrinos descansaron e comeran entre os seus muros. A día de hoxe, existe un ramal que o atravesaba e aínda que o camiño principal non pasa por el, son moitos os peregrinos que non dubidan en desviarse uns poucos quilómetros para visitalo.

Benvidos ao curso 2022-23

Moi boas a todos, todas e todes
 Desde a dirección e máis concretamente desde a vicedirección, queremos darlle a todo o mundo a benvida a este novo ano académico que acaba de comezar.
 Antes de nada, hai que precisar una serie de cousiñas:
 A principal, é que despois de anos negros que ameazaban o noso horizonte psíquico, este setembro está a ser como un ventilador que nos quitou de enriba a néboa entre a que viviamos. En resumo, que remataron as restricións (ou case).
 En segundo lugar, que a moral está ben alta e os ánimos exacerbados, pois para este curso tocan excursións ao estranxeiro, pero con MAIÚSCULAS, non a mercar toallas na fronteira.
 Falando de todo un pouco, neste ano xa empeza a aplicarse a saco a nova lei educativa esa da que tanto falaban, pero non vos preocupedes, que todo o profesorado está igual de confundido, despistado, farto, nervioso e f*****. O tema é que todo vai seguir sendo igual.
 Por último, que para min é o máis importante, o noso instituto está inmerso nun programa de transformación total, onde temos planeado mudalo todo, dende as cores, ata as texturas, os olores e os sabores... Xa saberedes máis!
 De entrada, os cambios xa comezaron en forma de obras e pretendemos que siga habendo novidades ao longo dos vindeiros cursos, de forma non-stop.
 Con moito máis que dicir, pero con pouco tempo para facelo, despedímonos. Estudade, portádevos ben e que ningún incaut@ pegue un esvarón, que é algo que nos pon moi tristes...


VÉMONOS NAS AULAS!
 Atentamente, Miguel Valencia

Cafetería

Este ano como novidade teremos **repostería caseira**. Ven a probala!! 😊😊

LISTA DE PRECIOS

- | | |
|---|---|
| - BOCADILLO DE LOMO E QUEIXO.
1'20 € | - MEDIO BOCADILLO DE SALCHICHAS, LACÓN, BONITO
0'75 € |
| - BOCADILLO DE BACON E QUEIXO.
1'20 € | - BOCADILLO DE CHOURIZO, QUEIXO, XAMÓN YORK, SALCHICHÓN, NOCILLA.
1'10 € |
| - MEDIO BOCADILLO DE LOMO E QUEIXO.
0'60 € | - MEDIO BOCADILLO DE BACON E QUEIXO.
0'60 € |
| - MEDIO BOCADILLO DE BACON E QUEIXO.
0'60 € | - BOCADILLO DE SALCHICHAS, LACÓN, BONITO.
1'50 € |
| - BOCADILLO DE SALCHICHAS, LACÓN, BONITO.
1'50 € | - MEDIO BOCADILLO DE CHOURIZO, QUEIXO, XAMÓN YORK, SALCHICHÓN, NOCILLA.
0'55 € |



Camiñando

O departamento de Educación Física únese ao proxecto do Camiño de Santiago e propón a toda a comunidade educativa a realización dun camiño virtual: todo o que andes no teu día a día contabiliza no percorrido do Camiño francés. Poderás chegar á meta? Completa retos e compite cos teus compañeiros e profesores. Camiñamos?

Ata sempre Olga



Ping-Pong

Non sexas vil, fala con GIL
 Non sexas pobre, gaña a MAYOBRE
 Bela doncela, masacra a PONCELA

APÚNTATE



TORNEO DE PING-PONG